

Ao longo do mes de novembro

➔ Mesas Informativas sobre a Violencia de Xénero.

Lugar: Nos diferentes mercados de Vigo, nos centros comerciais e na universidade.
Data/Hora: Os días 7, 10 e 11 de novembro de 10:00 a 13:00 nos mercados de abastos do Calvario, Teis, Progreso e As Travesas. Os días 10 e 11 de novembro de 17:00 a 20:00 nos centros comerciais: El Corte Inglés, Praza Elíptica, Camelias e Gran Vía.
Organiza: Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos

➔ Exposición Colectiva de mulleres fotógrafas

Lugar: Casa das Mulleres, r/ Romil, 20, baixo
Inauguración: xoves 2 de novembro ás 19:30
Hora: de luns a venres dende as 17:30 ata as 21:30
Organiza: Colectivo Violeta
Patrocina: Concellería da Muller

➔ Exposición de óleos da pintora Lucía Fernández Núñez

Lugar: Local Social da Asociación Amigos del Rocío, r/ Colombia, 17, baixo
Hora: de luns a venres dende as 17:00 ata as 19:30
Organiza: Asociación Amigos del Rocío de Vigo

VENRES, 3 de novembro

➔ IV Xornadas de Formación do Feminismo: "O Feminismo no Nacionalismo de 1900-1936".

Relatora: Noa Ríos Bergantinhos

Lugar: Casa das Mulleres, r/ Romil, 20, baixo.
Inscripción gratuita: mmgvigo@hotmail.com ou tel.: 986 442 194
Hora: 20:00
Organiza: Mulheres Nacionalistas Galegas
Patrocina: Concellería da Muller

XOVES, 9 de novembro

➔ Vídeo Forum: Proxección da película "Antonia"

Lugar: Casa Galega da Cultura, Praza da Princesa, 2
Hora: 19:00
Organiza: Concellería da Muller e Marcha Mundial das Mulleres
Patrocina: Servizo Galego da Igualdade

DOMINGO, 10 de novembro

➔ IV Xornadas de Formación do Feminismo: "O xénero da historia". Relatora: Paula Ríos Curbeira

Lugar: Casa das Mulleres, r/Romil, 20, baixo.
Inscripción gratuita: mmgvigo@hotmail.com ou no tel.: 986 442 194
Hora: 20:00
Organiza: Mulheres Nacionalistas Galegas
Patrocina: Concellería da Muller

➔ Charla "Violencia de Xénero en cativos/as". Relatora: Beatriz Monroy Cardoso

Lugar: Local social da Asociación Amigos del Rocío, r/ Colombia, 17, baixo
Hora: 20:30
Organiza: Asociación Amigos del Rocío de Vigo

SÁBADO, 18 de novembro

➔ Misa polas Víctimas da Violencia de Xénero cantada polo Coro Virgen del Rocío

Lugar: Igrexa Padres Capuchinos, r/ Vázquez Varela, 15
Hora: 20:00
Organiza: Asociación Amigos del Rocío de Vigo

LUNS, 20 de novembro

➔ Bus da Igualdade

Lugar: En diferentes puntos da cidade ata o martes 5 de decembro
Para máis información: Telf 986 442 499
Organiza: Proxecto "Conta con elas", A.D. Área Metropolitana de Vigo

MARTES, 21 de novembro

➔ Xornadas "O Feminino é saudable: Estratexias cara á Violencia"

Lugar: Asociación Veciñal de Lavadores, r/ Ramón Nieto, 302
Destinatarios/destinatarias: Mulleres das Vogalías
Hora: 17:00
Organiza: AVCD Lavadores
Patrocina: Concellería da Muller

➔ Vídeo Forum e Café Coloquio coa proxección da película "Celos"

Lugar: Centro Cívico do Casco Vello, r/ Oliva, 12
Hora: de 18 a 21:00
Organiza: Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos

MÉRCORES, 22 de novembro

➔ Xornadas "O Feminino é saudable: Estratexias cara á Violencia"

Lugar: Asociación Veciñal de Lavadores, r/ Ramón Nieto, 302
Destinatarios/destinatarias: Profesores/as, previa inscrición no teléfono 986 379 618
Hora: 17:00
Organiza: AVCD Lavadores
Patrocina: Concellería da Muller

➔ Charla "Consecuencias psicolóxicas da violencia de xénero: a síndrome da muller maltratada". Relatora: Beatriz Monroy Cardoso, psicóloga.

Acto de apoio á Casa de Acolida coa presenza da concelleira da Muller Lucía Molares

Lugar: Salón de Actos da Federación Veciñal "Eduardo Chao", Praza da Princesa, 7
Hora: 19:00
Organiza: Punto Informa da Federación Veciñal "Eduardo Chao"

➔ Taller Obradoiro: Libro "Vidas Rotas"

Lugar: Local da Asociación de Amas de Casa Agarimo, r/ San Xosé, 22 baixo
Hora: 19:30
Organiza: Asociación de Amas de Casa Agarimo

XOVES, 23 de novembro

➔ Xornadas "O Feminino é saudable: Estratexias cara á Violencia"

Lugar: Asociación Veciñal de Lavadores, r/ Ramón Nieto, 302
Destinatarios/destinatarias: Poboación xeral
Hora: 17:00
Organiza: AVCD Lavadores
Patrocina: Concellería da Muller

➔ Xornadas sobre Acoso Laboral. Relatora: Eva Ventin Lorenzo, presidenta de AGACAM

Lugar: Centro Cívico do Casco Vello, r/ Oliva, 12
Hora: De 18:00 a 21:00
Organiza: Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos

➔ Vídeo Forum. Proxección da película "Flores Rotas"

Lugar: Salón de Actos Casa do Pobo, r/Heraclio Botana, 2, 2º
Hora: 19:00
Organiza: UGT-Vigo

SÁBADO, 25 de novembro

➔ Manifestación contra a Violencia de Xénero baixo o lema "Respeto"

Hora: Saída ás 18:00 dende a esquina da r/ Urzáiz con r/Príncipe. Ao remate da manifestación haberá unha concentración diante do MARCO.
Organiza: Marcha Mundial das Mulleres e Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
Patrocina: Concellería da Muller

LUNS, 27 de novembro

➔ Charla "Loitando contra a Violencia de Xénero". Relatora: Elena Rodríguez, responsable da Secretaría da Muller de CC.OO.

Lugar: Auditorio Caixa Galicia, r/ Policarpo Sanz, 36-38
Hora: 19:00
Organiza: CC.OO.

XOVES, 30 de novembro

➔ Charla-Coloquio "As Mulleres en Vigo 15 anos despois". Relatoras: Equipo profesional do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

Lugar: Casa Galega da Cultura. Praza da Princesa, 2
Hora: 20:00
Organiza: Concellería da Muller

A Concellería da Muller non se fai responsable dos cambios de última hora que se poidan producir nestes actos.

Estas actividades están abertas ao público ata completar o aforo, agás aquelas nas que se especifique algo distinto.

O Concello de Vigo, a través da Concellería da Muller, súmase á conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, cun programa de actividades elaborado en colaboración con asociacións, sindicatos e colectivos de mulleres. Esta oferta, que se desenvolverá durante novembro e decembro, inclúe exposicións, charlas, xornadas ou cine. A información, a concienciación e a sensibilización son as mellores ferramentas para axudar a erradicar este grave problema que nos afecta a todos e a todas. Por iso, esta efeméride debe servir non só para lembrar ás vítimas senón tamén para aunar esforzos no labor conxunto de combatir esta senrazón que se presenta non só en forma de malos tratos, tamén de violación dos dereitos das mulleres, de acoso e de violencia psíquica e sexual. A partir dun dito popular “os amores que deixan pegada”, esta Concellería chama a atención sobre a necesidade de denunciar as situacións de violencia de xénero. Tanto o maltratador como os e as que co seu silencio se convirten en cómplices deberían ver reflexada a súa pegada nunha ficha policial.



DENUNCIA

986 293 963
Centro Municipal de Información
dos Dereitos da Muller

amores que deixan pegada

A Campaña Institucional do Concello de Vigo contra a violencia de xénero “Eu non son cómplice” estará presente en 50 mupis da cidade ata o 6 de decembro



PROGRAMA DE ACTIVIDADES CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO